

A Antiga Casa – Escola de Chandebrito

CARLOS GÓMEZ COSTAS*

RESUMO

Achega sobre a Escola Pública da parroquia de Chandebrito, no concello de Nigrán, dende o seu inicio (1923) ata o peche polo declive poboacional en 2009.

PALABRAS CHAVE: Chandebrito, Escola Pública.

ABSTRACT

Contribution on the Public School of Chandebrito parish, in the council of Nigrán, from its beginning (1923) up to the close because of population decline in 2009.

KEY WORDS: Chandebrito, Public School.

**Agradecer a valiosa colaboración de Cristina Aballe (concello de Nigrán); dona Rosa Castro (ex – mestra); Sofía Alonso, Pepe Pintado Valverde, Anuncia e Antonio Valverde Alonso (familiares da mestra Luísa Alonso), e ao profesorado do colexio da Cruz - Camos, as súas valiosas colaboracións.*

INTRODUCCIÓN

Tristemente, a Escola de Chandebrito, toda unha institución para os veciños e veciñas desta parroquia que nos tocou vivir durante o século XX, pechou as súas portas por falta de matriculas suficientes. Dende hai case cen anos serviu para que ducias de nenos, incluídos os nosos avós, coñecesen as catro regras básicas, aprendesen a ler e escribir..., aínda que daquela moitos nin sequera rematasen o ensino primario por teren que comezar a traballar.

Considero que se lle debe facer unha merecida homenaxe a esta escola, que non foi un simple centro educativo, xa que ademais de ser un lugar no que uns comezamos a relacionarnos na nosa vida e a tomar contacto coas letras e os números, outros confluían ao levar aos nenos e nenas e de paso colaboraban no seu mantemento, e o propio mestre ou mestra do momento actuaba como pai/nai de cada alumno ao coñecelos perfectamente e poder actuar de xeito individual con cada un, coma se dunha gran familia se tratase, sempre dentro do seu contorno xeográfico. Multitude de historias e de anécdotas se poderían contar sobre esta escola.

Eu mesmo tiven a gran sorte de formar parte daquela primeira promoción como escola de preescolar, durante o curso 1984-1985, recén rehabilitado o inmovible, algo do que me sinto moi orgulloso.

Por todo isto, decidín escribir estas modestas liñas, para así achegar o meu gran de area a esa homenaxe.

- *Situación xeográfica*: Situada na rúa da Igrexa, nº 2 da parroquia “chandebriteña”, por enriba da igrexa parroquial. Está a unha altura de 320 metros sobre o nivel do mar. En canto á situación catastral, localízase na parcela 244 do polígono 9 de Nigrán.

- *Medicións*: Sitúase nun terreo próximo aos 2.000 metros cadrados, dos cales a construción principal ocupa uns 61 m², e os aseos (anexos a esta) uns 6 m². O terreo é prado, forestal (con algúns piñeiros adultos) e dispón dun parque con area.

- *Estado de conservación*: Moi bo.

- *Lindes*: Norte: Monte veciñal en man común “A Rega”, Sur: Monte veciñal “Cova de Lobo”, Este: Monte veciñal “A Penís” (máis alto) e Oeste: Rúa da Igrexa (máis baixo).

- *Forma e materiais de construción*: Construída en perpiaño de pedra do país, posúe dúas columnas de pedra na entrada de abaixo que soportan o peso do patín. O tellado é a dúas augas con tella portuguesa realizado en 1984. Ten ao norte unha construción en pedra con tellado dunha auga e de chapa de fibrocemento separada da mesma, que limita coas escaleiras de acceso á escola. Pecha o terreo un gran muro de cachotaría concertada de gran grosor polo Norte e Oeste, polo Sur e Oeste cachotes (Total: 260 m.).


- *Propietario*: O concello de Nigrán, por compra pública ao veciño que foi concelleiro, Emilio Domínguez Iglesias o 9 de marzo de 1960, quen á súa vez lla mercara ao seu cuñado Eudilio Otero Valverde o 19/01/1957.

- *Historia*: O 16/05/1852 un documento falaba “do arranxo para unha escola en Chandebrito”.

A principios do s. XX o terreo era monte baldío e logo colleuno Eudilio Otero. Construída a principios do s. XX (arredor dos anos 1918 – 20) por Luís Salgueiro e/ou Antonio Veiga, ambos canteiros e veciños da parroquia, para usala como vivenda do dono, algo que non chegou a suceder.



Fotografía aérea. A esquerda a igrexa e ruínas da rectora, a dereita escola de Chandebrito. (Captura de Google Earth).



Plano da planta baixa




Mestra Luisa Alonso

O alcalde de Nigrán e Eudilio asinan o contrato de arrendamento o 26/08/1923 e o 14/03/1925, desta vez durante 10 anos e por 250 ptas. anuais. (Ver documentos 1 e 2)

Antes de 1923 non existía escola na parroquia, polo que facían de mestres o cura (na casa das Novenas) e certos veciños, outros rapaces ían a Camos ou a Vincios. Entre ese ano e o 1960 foi Escola Nacional Mixta de Chandebrito.

A primeira mestra foi Dona África Fdez. Fraga (exercendo no período 1923-25), que tan bos recordos deixou entre os veciños máis vellos da parroquia – veciña de Vigo, estivo como interina, viviu na casa de Amelia Otero, das Pereiras, e foi represaliada no 1936/37 polo goberno franquista-. Foron moitas as investigacións ao corpo do maxisterio, xa que estaba xurdindo unha nova España e con ela unha xuventude que debía estar acorde cos seus postulados.

O alcalde de Nigrán solicita en 1936 informes sobre a súa actuación nesta escola, curiosamente dende o 29 de marzo ao 1 de decembro de 1924. Recorre para iso ao cura párroco Manuel Rouco Giráldez, quen o 4/12/1936 informa positivamente: “*me consta por los vecinos, por no estar yo en aquella fecha, que como maestra de esta durante el tiempo que estuvo al frente de la escuela, fue inmejorable su buen comportamiento tanto*



Documento 1.

En la Casa Consistorial de Miñorán a catorce de Marzo de mil novecientos veinticinco, comparecen el Sr. Alcalde don Vicente Rodríguez Pérez autorizado previamente por el Ayuntamiento para verificar el presente contrato, y don Eudilio Otero Valverde casado, labrador, de treinta y cuatro años y vecino de Borjito (Vigo).

Por el segundo compareciente se manifiesta que para ejecutar las obras para que quede en buenas condiciones higiénicas la casa de su propiedad destinada a escuela y casa habitación de la Maestra de la parroquia de Chandelorito, y que en pliego a parte se detalla, es preciso que el Ayuntamiento en los próximos presupuestos de 1925/26 se comunique para alquiler de la referida casa una cantidad algo mayor de la que actualmente figura.

El Sr. Alcalde, teniendo en cuenta la razón que asiste al don Eudilio Otero propuso a este verificar el contrato al (a)

quiler de la referida casa con sujeción a las siguientes cláusulas que fueron aceptadas en todas sus partes por el propietario don Benilio Otero Valverde.

Primera = El precio anual que el Ayuntamiento satisfaría por arriendo de dicha casa con todas sus dependencias, será el de doscientas cincuenta pesetas y empezará a contarse desde el día festivo de Julio próximo.

Segunda = El plazo de arriendo será el de diez años como mínimo.

Documento 2.


en el aspecto patriótico como moral y religioso”. No verán do mesmo ano xa atopamos informes deste relativos ás depuracións: “su conducta moral y pública, y su orientación profesional buenas; la enseñanza que dá es según las disposiciones de sus superiores”.

A mestra Luísa Flora Alonso Gonda, nacida en Gondomar o 23 de xullo de 1888, cursou estudos na Escola Normal Superior de Maestras de Pontevedra durante os anos 1906-1908 e ingresou no ensino por concurso interino, desempeñando o cargo de mestra en Cerdedeiro – Laza (Ourense) nos anos 1922 a 1925, neste ano comeza a ser mestra e directora da Escola nacional e mixta de Chandebrito, que desenvolveu ata 1943. Logo, exerce en Coruxo ata xubilarse, onde falece no ano 1966.

En 1925, o inspector do 1º ensino remítelle á mestra a acta de creación da escola para o seu arquivo; ano no que a Alcaldía lle pide a esta o envío dunha lista de nenos en idade escolar “podendo dirixirse ao cura párroco para que sexa máis completa”. (Ver documento 3)

Do mesmo xeito, atopámonos con documentos que acreditan que, polo menos en dúas ocasións no ano 1932 e outra en outubro de 1936, os mandatarios municipais tamén lle solicitan datos de nenos matriculados e en idade escolar.

O 14/06/1929 o inspector visita a escola, informando que a dotación para persoal era de 2.000 ptas., para material 147,45 e para alugueres 200 ptas. A iluminación e ventilación eran regulares; as dimensións de cada clase eran 8m/ x 4m/ x 2,5m/ de alto; dispuña de un patio de recreo, lavabo e retrete á entrada; a parte superior destinábase a vivenda, que tiña catro pezas. Non se recibía doazón algunha para material. Existían 17 nenos e 17 nenas matriculados, dos cales asistían 12 e 7 respectivamente sendo os maiores de 10 anos os que acudían menos a causa das “faenas do campo”.



Documento 3.

Tamén se indican as características da poboación (situación montañosa, clima temperado e húmido, produción variada, comunicada por camiños, hixiene deficiente, sen monumentos e con moita emigración). Finalmente, o inspector informa de que o ensino da mestra atópase ben atendido e que traballa con “interese e celo” obtendo beneficiosos resultados (concluindo que “siga na mesma forma a fin de merecer sempre a estimación e o respecto de autoridades e pais de familia”). (Ver documento 4)

O primeiro de maio de 1932, o Consello Local de 1º ensino de Nigrán convoca á mestra a unha reunión que se celebraría tres días despois co fin de tratar asuntos de asistencia escolar, material escolar e misións pedagóxicas. Precisamente, o consello avisa días despois á mestra que convoque ao pobo a unha conferencia cultural do mestre de Camos relativa a estas misións, das que se felicitarían as autoridades no mes de xullo. A finais de outubro convócase outra xuntanza para falar da estatística escolar.

O 10 de febreiro de 1933 levántase acta do Inspector “para o paso ao 1º escalafón” da mestra Luísa Alonso, na que se fixa un plan de traballo co fin de mellorar o estado de instrución dos nenos. (Ver documento 6)

O 12 de abril de 1934, o mestre de Nigrán, José Vázquez Grela, membro do Consello Local de 1º Ensino (republicano entusiasta que dous anos despois foi asasinado polos golpistas do Alzamento Nacional durante a guerra civil) convida a mestra a asistir á celebración do 3º aniversario da proclamación da República “(...) dado su entusiasmo por el régimen se le ruega la mayor publicidad de este acto y se le invita a engrosar la presidencia de la manifestación con el Ayuntamiento y el Consejo de Enseñanza (...)”. (Ver documento 5)

BOLETIN DE INSPECCION

Provincia de Pontevedra Partido judicial de Vigo
Ayuntamiento de Nigrán Localidad Chandebrito Zona 2ª
Escuela dirigida por D.ª Lucía Flores Alonso Senda
Número del Escalafón general _____
Visita ordinaria efectuada el día 14 de junio de 1989

I. ESCUELA

3. Su clase mixta
4. Número de secciones si es graduada
5. Dotación para personal 200 pt Idem para material 14745 Idem para alquileres 200 pt

II. LOCAL

6. Emplazamiento del local-escuela en el lugar de Chandebrito
7. Orientación de la fachada Al Oeste
8. Iluminación y ventilación Regulares
9. Dimensiones de cada sala de clase: Largo 8 m Ancho 4 m Alto 2'50 m
15. Patios de recreo Uno a la entrada
11. Lavabos "
12. Retretes "
13. Otras dependencias La parte superior destinada a vivienda
14. Propietario del edificio Odilio Otero
15. Importe anual del alquiler 200 pt
16. ¿Es independiente la casa habitación? No
17. En este caso, ¿cuál es su distancia a la escuela? "
18. Número de piezas de que consta la casa habitación Cuatro
19. Propietario de la casa habitación El mismo
20. Alquiler anual que se paga por ella "
21. Estado general del edificio o parte asignada Regular
22. Idem de la casa habitación "
23. Mejoras que pueden introducirse en ésta y en el local escuela

III. MATERIAL

24. Material fijo: Cantidad Regular Estado Regular
25. Idem móvil: Cantidad Estado
26. ¿Se hace la inversión con arreglo al presupuesto? si
27. Donaciones: Del Estado Nada Del Municipio De particulares

IV. ALUMNOS

28. Número de niños matriculados: 24 Niños 17 Niñas 17
29. Asistencia media en cada uno de los meses del curso: septiembre; octubre; noviembre; diciembre; enero; febrero; marzo; abril; mayo; junio; julio
30. Asistencia media total en curso
31. Asistencia en el momento de la visita 12 niños y 7 niñas
32. Niños matriculados de seis a ocho años; de ocho a diez de diez a doce

CONSEJO LOCAL DE PRIMERA ENSEÑANZA

- DE -

NIGRAN, 12 de abril de 1934.

Srta. Sra. Luisa Alonso Ponda.

Distinguida compañera: Como el tiempo apremia y estas obligaciones por las disposiciones del Gobierno a glorificar el nacimiento de la República española, además de lo que se haga dentro de la escuela, y como sentamos el régimen republicano como carne de nuestra carne, este momento se ha puesto de acuerdo con el Ayuntamiento para el mes y periodo de colaboración a la magna manifestación de todo el pueblo de las siete parroquias de Nigrán que se reunirá a las 9 de la noche del sábado en el teatro de la ciudad con objeto de celebrar el aniversario de la proclamación de la República en aquella memorable fecha de 14 de abril del 1931. Quedo su entusiasmo por el régimen de la nueva la mayor publicidad de este acto y de la invitación a ingresar la presidencia de la manifestación con el Ayuntamiento y el Consejo de Instrucción de la manifestación con el Ayuntamiento para en beneficio de la ciudadanía española de la República. Que saluda con el respeto a usted y su familia.

Documento 5.

ACTA PARA EL PASO AL PRIMER ESCALAFÓN.
 =====

En la escuela mixta de Chandebrito, Ayuntamiento de Nigrán, a diez de febrero de mil novecientos treinta y tres, reunidos el Inspector de 1ª enseñanza de la zona D. Pedro Canellos Collán y la maestra de citada escuela la Da. Luisa Alonso Gonda a los efectos de cumplimentar el Decreto de catorce de enero del año actual (faceta del 18) referente al paso de los maestros del segundo Escalafón al primero se levantó esta acta de visita según preceptus el D. citado.

Al efecto y después de observar detenidamente la organización y estado de la escuela el Inspector hace constar lo siguiente:

Que la matrícula de la escuela es de treinta y cinco niños siendo la asistencia de veintinueve en el momento de la visita, que el estado de la enseñanza demuestra que la maestra está poseída de la mejor voluntad pero que los métodos empleados no son aceptables lo que hace que el estado de instrucción de los niños sea bastante deficiente.

En vista de ello el Inspector fija a la maestra el siguiente plan de trabajo:

Hará la enseñanza de la lectura por la escritura con arreglo a las instrucciones que particularmente le han sido dadas.

La lectura será comentada, haciendo sencillas explicaciones de lo leído y conversando sobre ello; las lecciones de las distintas materias serán también explicadas por la maestra de modo breve y sencillo pero claro, aboliendo en absoluto las lecciones de memoria.

Serán, dentro del plan de enseñanza obligatorio, cuestiones referentes en la escuela la enseñanza del Sistema Métrico, de Geografía de España, los comentarios a la Constitución, Geometría y cálculo mental.

Cada niño llevará una libreta en donde irá haciendo ligeras redacciones o dictados de las lecturas comentadas o de las lecciones explicadas, dibujitos referentes a las redacciones o dictados hechos, problemas de Matemáticas a base siempre de números sencillos y concretos etc, procurando en una palabra que estas libretas, que deben llevar todos los niños que saben leer sean el reflejo exacto de la labor de la escuela, sin preocuparse de que vayan mejor o peor hechas sino de que lo hagan los niños.

Los más pequeños en vez de libreta pueden trabajar sobre cuartillas de papel que la maestra irá coleccionando.

La maestra llevará de manera clara y sencilla el Diario de clases que el Decreto preceptúa.

Y para que conste a los efectos oportunos firmamos la presente en el sitio fecha indicados.

Documento 6.

A escola no ano 1936, segundo Anunciación Valverde Alonso, sobriña da mestra

“Cheguei a Chandebrito no verán do 36. Tiña seis anos. A miña irmá Carmen, a novena dos irmáns, nacera o 18 de xullo e era habitual na nosa familia que cando nacía algún irmán nos repartisen aos outros polas casas dos familiares. Neste caso, ademais, estalara a guerra e o meu pai quería sacarnos de Vigo. A min mandáranme a Chandebrito coa tía Luísa. Acórdome ben da chegada á aldea, a pé desde Vincios, onde nos deixara o coche de liña. Era unha longa camiñada para unha nena da miña idade e para que andase, o tío Salvador, que me acompañaba, dicíame, “Mira Tita, un coello con patucos” e eu, apuraba para velo. (...)

Luísa Alonso tiña un problema de columna e era moi baixiña. Cando chegou a Coruxo parece que os nenos poñíanse ao seu lado, ríndose dela. Seica os foi chamando dun en un, dándolles un moquete. Non volveron facelo. Supoño que era a forma de facerse respectar da época. Tiña carácter, pero era unha muller alegre e boa a quen lle gustaban os nenos.

Na casa da escola vivían ademais de Luísa Alonso, a súa irmá Aurora e o seu tío Salvador Gonda (irmán da súa nai e tío avó meu). A tía Aurora estaba solteira e era unha persoa delgada e enfermiza, cunha tristeza permanente. Choraba todo o día. Pero era

tamén moi agarimosa. O tío Salvador, que estaba tamén solteiro, era un home corpulento. Estivera en América, onde traballou nunha xoiería, e recordo que tiña un reloxo de peto que chamaba a atención. Din que o meu irmán Ángel empezou a falar chamándolle o “tito do reloxo”. Eu creo que Salvador estaba alí para protexer as mulleres. Entre os tres, atendíanse mutuamente. Con eles tamén vivía a miña curmá Sofía, que naquela época creo que debía ter uns 12 anos. Sofía, era filla do meu tío Urbano Alonso, secretario do concello de Gondomar. Estudou maxisterio e máis tarde ocupou en Coruxo o posto que tería a tía Luísa.

Gardo recordos bastante nítidos de como era a escola naquela época. Tiña unha escaleira de pedra e arriba estaba a vivenda da mestra e abaixo a escola. Na casa, á esquerda da entrada, estaba a cociña. Á dereita, un pequeno comedor e a continuación un dormitorio, que era o do tío Salvador. Á esquerda, a continuación da cociña, estaba o dormitorio da tía Luísa, onde durmía ela coa tía Aurora e a curmá Sofía. Nesa habitación, na que había un zapón que comunicaba coa aula da escola na planta baixa, tamén durmía eu. Ao final do corredor había unha sala cun armario roupeiro e un velador de mármore. A fiestra desa sala daba á igrexa. Recordo estar de xeonllos nesa fiestra para ver o que pasaba, durante unha época na que se me infectou a vacina da variola e non me deixaban saír. Poñíame un unguento que me traía o médico, Manuel Alonso, que viña dacabalo desde Morgadáns. Creo que na casa non había electricidade e recordo que o almorzo facíase nun forniño Primus de petróleo. A casa tiña o retrete fóra, cara ao monte. Recordo que había que saír e facía moito vento e frío e a tía Luísa poñíase unto no nariz para previr o catarro.

Eu baixaba pola trampíña e estaba sempre na escola. Recordo o cheiro a xiz e o das zamancas que usabamos. Había un encerado grande e a carón del estaba a mesa da mestra. Tamén recordo un mapa de España na parede. Nos pupitres, as nenas estaban a un lado e os nenos a outro. Non lembro cantos eramos. Ás nenas ensinábanselles labores e aos nenos máis lectura e contas. Eu aprendín a ler alí e cando empecei o colexio nas Carmelitas de Vigo, ao curso seguinte, xa sabía ler.

Os nenos e nenas da escola eran maiores ca min. Supoño que terían uns 10 anos. Recordo xogar con eles nun saído, cara á parte baixa do monte, onde se facía o recreo. Xogabamos ao pinchacarneiro, ao patelo e á roda. Algúns deles, Darío, Serafín, Daniel, levábanme ao monte coas ovellas que eles tiñan que coidar. No monte, había unha gran roca lisa e inclinada e eles collían xestas sobre as que eu baixaba pola roca coma se fose un tobogán. Á miña tía Luísa o xogo non lle gustaba nada, porque eu volvía a casa coa bragas rotas.

A vida en Chandebrito era a vida da aldea. O cheiro da terra e do estrume, os camiños entre as casas, todas cun porrón de auga de campesiño na porta, a igrexa, en fronte da escola, á que iamos a misa e na que tía Luísa tiña un reclinatorio, e xunto á igrexa, unha tenda na que nos vendían uns cabaliños feitos de masa. Da guerra, eu non oía falar moito. Só recordo que unha vez apareceu unha bandeira rota no monte, coma se alguén a cortase cunhas tesoiras. Non recordo se era republicana. Fun vela con Sofía, pero o vento tirábame e, como non podía vela, Sofía chamoume pitoña.

Foi un ano que recordo feliz. Ao seguinte volví a casa dos meus pais a Vigo e comecei o curso no colexio das Carmelitas. O ensino das monxas non era moi diferente do da escola de Chandebrito. O da época, cantando e repetindo o catecismo e consignas patrióticas. Non recordo volver a Chandebrito ata os 11 anos. Eran as Festas de Sanomedio e un quinto sacoume a bailar. Eu presumín de que xa empezaba o bacharel.”

O 8/1/1937 contéstase oficio informando que “a conducta profesional, relixiosa, social e particular da mestra é intachable, non pertence a ningún partido político nin realizou campaña política e tampouco emitiu voto a Cortes de Deputados”. (Ver documento 7)

!! Viva España !!

Contesto ao seu atento oficio do 15 de fecha 4 del actual en el que me pide informe sobre la conducta profesional, religiosa, social y particular de la Maestra de esta escuela de Suisa Dilmas Sonda; y tengo el gusto de manifestarle que dicha profesora observa una conducta intachable en lo profesional, religioso, social y particular.

No pertenece a ningun partido político ni sociedad secreta ni oriento la enseñanza en sentido disolvente.

No hizo campaña política de ninguna clase y en las últimas elecciones de Diputados a Cortes, no emitió su voto.

Los Dios Guarde a V. m. a.
Chandebrito 8 de enero de 1937

Documento 7.



En xuño do 1938 hai matriculados 30 nenos/as e en febreiro do 1939 hai 35, dos cales asisten 20.

Durante a posguerra, a instancia das novas autoridades, realizouse un acto solemne de reposición dun crucifixo de Cristo que estivo ausente no local educativo durante 5 anos.

O 30 de xullo de 1942 o “alcalde de barrio” de Chandebrito, Emilio Dguez. Iglesias, certifica que Dona Luísa Alonso Gonda formou parte da Comisión encargada de axuda ao exército durante o “Glorioso Movimiento” e do “plato único”.

A propiedade pasou no ano 1957 ás mans do cuñado de Eudilio, Emilio Domínguez Iglesias “O Viceu” (concelleiro de 1941 a 1951 e falecido sobre 1960).

Logo de África e Luísa, estiveron de mestras: Rita (1946-48) da que contan que era moi boa persoa, facía teatro cos nenos...; Iluminada; Socorro; Leopoldina (arredor do ano 1950) a partir de aquí moitos nenos foron ás escolas do Salgueiro, Vincios ou a Camos pagando un prezo de 7 ptas.; Teresa Mandado Bouzón (Redondela, 1918 – Cataluña, 1968), estivo no curso 1953-54 e solicitou xunto coa sinatura de 23 veciños o desdoblamento da escola unitaria en dúas, diferenciadas por sexos ([Ver documento 8](#)); Esther; Rafaela Rodríguez (1955-61); María Seoane (1961-62); M^a Victoria Guisande (1962-63); M^a Carmen Laredo (1963-66).

Na casa escola viviu Arturo Rey nos anos 1960. Década na que estiveron de mestres, ademais do citado (1961-65), Joaquín Brión -tamén represaliado-; e Serafín (1965-71). No ano 1965 os veciños constrúen a estrada da Igrexa polo antigo camiño (traballando todos os luns durante 90 semanas), e fan tamén gratis o garaxe existente ao lado norte da escola para que o mestre Arturo garde o seu Seat 600. Contan que o mestre Joaquín era republicano de pura cepa e que estando no bar de Julio deulle unha labazada a un veciño por criticar a Azaña, estivo preso logo de estalar a guerra civil e trasladárono a esta escola, en castigo, cobrando 2.500 ptas. (a metade do salario dos outros mestres).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DE LA JUNTA LOCAL DE ENSEÑANZA PRIMARIA DEL
AYUNTAMIENTO DE

NIGRÁN

TELESA MANDADO BOUZÓN, Maestra Nacional de Chandebrito en el Ayuntamiento de Nigrán, a V.S. con el mayor respeto y consideración tiene el honor de exponer:

que siendo muy elevada la matricular escolar de la Escuela-mixta que regenta y, al objeto de poder darle a los alumnos una más eficaz educación primaria, considera, la que suscribe, que sería muy conveniente proceder al desdoblamiento de la citada Escuela con lo que ganaría mucho la educación de los alumnos al contar con una escuela exclusivamente para niñas y otra para niños. Esta sugerencia no es solamente por considerarlo, la Maestra que suscribe, oportuna, sino que es una constante e insistente exigencia por parte de los vecinos de esta Zona escolar quienes me ruego formule esta petición a la Junta Local de Educación Primaria.

Por todo lo expuesto, ruego a V.S. que tenga a bien tomar en consideración la sugerencia expuesta.

Es gracia que espera alcanzar del recto proceder de V.S. cuya vida guarde Dios muchos años.

Chandebrito -Nigra, 17 de Octubre de 1.953.

Documento 8.

Unha acta da Falanxe de 1958 di: “Grupo escolar con vivienda en la Iglesia”. Dende 1960 diferénciase nela “Escola de nenos e de nenas” (ata entón era mixta). Foi colexio de primaria ata 1967.

O Concello de Nigrán comproulla ao seu dono, Emilio Domínguez, por 31.000 pesetas en 1960, sendo alcalde don Bernardo Vázquez Rial ([Ver documento 9](#)), facultado para iso por acordo plenario do 2 de xullo de 1959. Neste mesmo ano concedéronse 65.000 ptas. para unha escola e vivenda na parroquia. Ademais, o 27 de decembro de 1959 o Concello acorda crear unha escola unitaria de nenos e o 16 de febreiro do ano seguinte o Sr. alcalde solicítalle ao Director Xeral de Ensino Primario a creación da escola de nenos e conversión en escola de nenas da mixta cun censo escolar de 31 nenas e 29 nenos dun total de 428 habitantes ([Ver documento 10](#)).

O concello acordaría o 1 de outubro de 1981 encargar o estudo para a construción da escola e o 23/09/1982 o pleno aproba o proxecto e tamén realizar o gasto de 384.176 ptas ([Ver documento 11](#)). A Asociación de Veciños “O Castro” solicitou o 3 de agosto

=== ESTIPULACIONES: ===

PRIMERA: Con licencia de su esposa, Don E
 milio Domínguez Iglesias vende a favor del
 Ayuntamiento de Miñón, aquí representado
 por su Alcalde-Presidente Don Bernardo Váz
 quez Rial, la finca descrita en la exposición
 de esta escritura, con todos sus derechos, u
 sos y servidumbres y libre de cargas y gra
 vámenes.-----

SEGUNDA: El precio de esta compraventa es
 el de TREINTA Y UNA MIL PESETAS, que el ven
 dor confiesa tener recibido antes de sho
 ra de la Entidad compradora, a cuyo favor /
 otorga solemne carta de pago.-----

Documento 9.



Íltimo Señor Director General de Enseñanza Primaria

Madrid.

Don Bernardo Vazquez Rial, Alcalde Presidente del Ayuntamiento de Nigrán, provincia de Pontevedra á V.S. respectuosamente Expone:

Que en este termino municipal de Nigrán y concretamente en la parroquia de Chandebrito existen numeros escolares que se hallan sin recibir la necesaria educación, circunstancias que preocupan hondamente á este Ayuntamiento, deseoso de extender el radio de acción de la cultura primaria á toda el area de la localidad.

Que se considere imprescindible solicitar de esa Dirección General de Enseñanza Primaria la creación de una Escuela de niños y conversión en de niñas de la mixta existente, comprometiendose esta Corporación Municipal á satisfacer los gastos que ocasione el material y la casa habitación para el Maestro que se nombre, votada por el pleno, ya que se dispone de casa habitación para la Maestra y de locales para las dos Escuelas, construidas en colaboración de la Junta Provincial de Construcciones Escolares y el Municipio, y demas obligaciones que determina la Ley de Educación Primaria de 17 de julio de 1945.;

Documento 10.

de 1981 a súa reconstrución para escola de preescolar e local social ([Ver documentos 12a e 12b](#)). Dende 1967 ata 1984 quedou sen uso escolar, por estar en ruínas, e durante 1982 e 1983, coa achega polo concello do citado importe para os materiais necesarios, foi reconstruída coa man de obra dos propios veciños (sendo presidente da A.VV. Luciano Iglesias Costas, tamén voceiro na Comunidade de Montes).

Entre 1967 e 1970 empregáronse como escola para nenas a vivenda sita na Igrexa nº 3, sendo mestra dona Hipólita García Fernández, e para nenos a da Igrexa nº 35, sendo mestre don Arturo Rey, nas cales viviron estes a cambio de 200 ptas.

A principios dos anos setenta, os nenos da parroquia comezan a ir ao recién construído colexio de Tintureira-Coruxo (nenos/as de 6 a 14 anos).

No ano 1986 instalouse o teléfono na escola.



AYUNTAMIENTO
DE
NIGRÁN
(PONTEVEDRA)

El Ayuntamiento Pleno, en sesión extraordinaria celebra da el pasado veintitrés de los corrientes, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo.-

OBRAS DE REFORMA DE LA CASA ESCUELA DE CHANDEBRITO.-

Antecedentes.- Se da cuenta del proyecto de "Valoración de costos de materiales para la ejecución de las obras de reforma de la Casa Escuela de Chandebrito", confeccionado por el Arquitecto D. Javier Martínez Díez, cuyo resumen general del Presupuesto es el siguiente:

- Hormigones.....	53.592,81.- Ptas
- Forjados.....	170.044,80.- Ptas
- Cubierta.....	143.637,50.- Ptas
- Encofrados.....	26.901,00.- Ptas

Total..... 384.176,11.- Ptas

- Carpintería (incluso colocación)..... 417.882,00.- Ptas

Total..... 802.058,11.- Ptas

Informe.- De la Comisión de Obras y Urbanismo, que emite las siguientes opiniones: El Sr. Vázquez Rial, manifiesta que el Sr. Aparejador Municipal debía hacer un estudio detallado de las obras, incluida la carpintería; los Sres. Novás Gallego y Lago Rodríguez, informan favorablemente el proyecto, excepto el capítulo de carpintería, que estiman debe ser estudiado.-----

Votación y acuerdo.- En votación ordinaria, por unanimidad, se acuerda:

- 1º.- Aprobar el citado proyecto, por el precio expresado.
- 2º.- Suministrar a los vecinos de la parroquia de Chandebrito, los materiales relacionados en el presupuesto del proyecto, por un importe máximo de 384.176,11.- Ptas, siempre y cuando corra a su cargo la mano de obra necesaria para su ejecución.-----
- 3º.- Excluir, de momento, de las obras, el capítulo de carpintería. No obstante, se faculta a la Comisión Municipal Permanente para adjudicar los trabajos de carpintería, previa petición de los presupuestos que considere necesarios.-----
- 4º.- Designar director de las obras al Sr. Aparejador Municipal.-----
- 5º.- Hacer efectivo el gasto, con cargo a la partida 6447 del Presupuesto de Inversiones de 1.982.-----
- 6º.- Abonar la cantidad concedida al Presidente de la Asociación de Vecinos de la Parroquia, que se responsabilizará de las cantidades satisfechas, contra certificación de obras expedida por el Técnico-Director de las mismas.-----

Lo que traslado a Vd., para su conocimiento y efectos.--

.....

11 E-19-82
[Firma]

Luciano Iglesias Costas, con D.N.I. núm. 35.921.341 y como Vicepresidente de la Asociación de Vecinos CASTRO de Chandebrito-NIGRAN, en nombre de los asociados de la mentada Asociación, a V. S. EXPONE:

Que anteriormente se había solicitado de la Corporación que V. S. preside que, previos los trámites legales necesarios, la casa que, en otros tiempos, se había destinado a fines educativos (hoy en estado ruinoso total) fuese cedida a la Comunidad vecinal de Chandebrito.

La citada edificación sería destinada a fines educativos (una planta) esencialmente UNIDAD DE PREESCOLAR, si el Ministerio se aviene a la necesaria creación de tal aula.

El resto del inmueble sería para beneficio de la Asociación de Vecinos de Chandebrito, que la habilitaría para reuniones u otro tipo de actos culturales.

Documento 12. Folla a.

DON ENRIQUE RODRIGUEZ CABIRTA SECRETARIO DEL AYUNTAMIENTO DE NIGRAN.-----

CERTIFICO : Que la Comisión Municipal/ Permanente en sesión celebrada el día primero de octubre de mil novecientos ochenta y uno, adoptó el siguiente acuerdo :-

***E D U C A C I O N .-** D. LUCIANO IGLESIAS COSTAS. En Su condición de Vice-Presidente de la Asociación - de Vecinos de Castro de Chandebrito, solicita que la casa, hoy en estado de ruina, que en su día estuvo destinada a fines educativos, se le ceda en parte a la Asociación, para actos culturales, y el resto se destine a unidad de preescolar, para lo cual será necesario que el Municipio coopere en su reconstrucción con ayuda vecinal.-----

Visto el informe del Aparejador Municipal, q que hace constar que por tratarse de obras mayores, se precisa proyecto técnico, la Comisión Municipal Permanente, por unanimidad, acuerda .-----

Encargar el estudio para la construcción - de dos planchadas, a técnico competente.-----

Documento 12. Folla b.



En 1985 asisten uns 12 nenos/as (de 4 a 5 anos) e en 1994 hai matriculados un total de 15 (de 3 a 5 anos), rexistrando un descenso constante ata o ano 2000, ata chegar ao mínimo de 5 matrículas en 2006.

Os últimos mestres foron: dona Rosa Castro, quen estivo á fronte da escola de preescolar dende o segundo curso como tal, a partir do 1985/86 ata o 1993/94; Marina Arias; Dolores; Manuel Pérez; Purificación Moure Barrio, do 1998/99 ao 2006/07; e Silvia Costas Comesaña, dende o 2007/08 ata o 2008/09.

Das 20 prazas existentes nesta escola para o curso escolar 2000/2001, cóbrense 14: a metade por nenos/as de 3 anos de idade, outras catro de 4 anos e tres de 5 anos.

No proxecto educativo do centro do curso 2002/2003, sinálanse entre os trazos de identidade da Escola os seguintes:


-Situación: situada na parte máis alta do Concello. É unha parroquia interior, lonxe do mar, rodeada de pequenos montes. Está a 9 Km. do Concello. O clima é bastante extremo, frío, chuvioso no inverno e caloroso no verán. As actividades culturais realizadas son mínimas. A Asociación de Veciños e a Comunidade de Montes realizan algunhas. O medio natural favorece a realización de actividades de sendeirismo. Existen restos de castros, muíños...

-Historia: Durante moitos anos só se habilitou a aula de abaixo para impartir clases, xa que a superior era vivenda para o mestre. Nun 1º momento escolarizáronse nenos/as de primaria, logo só de educación preescolar. Actualmente úsanse as dúas aulas (unha para psicomotricidade e xogos -planta baixa- e outra para actividade docente).

-Titularidade: Da Xunta de Galicia. Consellería de Educación.

-Niveis: 2º ciclo da Educación Infantil.

-Elementos materiais: Edificio de pedra con dúas plantas. Na aula entra moita luz natural a través das ventás dobremente illadas. Hai un aseo dentro da aula, cun só baño e lavabo. Zona exterior: ampla zona con areiro, elementos infantís, herba e bancos. Ten árbores plantadas e xardín coidado entre as familias e a escola. Tamén hai zona cuberta con bancos onde se res-



gardan os pais/nais e nenos cando chove. Ben dotada de material didáctico, variado e diverso.

-Elementos humanos: Escolarizados 18 nenos/as (3 a 5 anos). Mestra especializada en educación infantil con destino definitivo. Colaboración da orientadora do centro receptor de primaria ao que está adscrito, que proporciona unha pequena axuda nos casos que o necesitan. As familias participan activamente na dinámica da escola, dentro e fóra da aula.

No Consello Escolar do 8 de marzo de 2005 abórdase a distribución de subvención para o mantemento de centros escolares, duns 7.636€ para o conxunto de escolas unitarias (non se especifica a contía por cada colexio), dun total de 28.000€ para todos os centros, máis 4.793,04€, en función do número de alumnos dun total de 28.000€.

O 5 de xuño de 2007, o inspector de Educación, Antonio Gómez Albo, comunica que a partir do curso 2008/09, os alumnos/as non poderán asistir ao CEIP A Paz – Tintureira (Coruxo) segundo establecido na Orde reguladora da escolarización de Centros Públicos do ano 2007, xa que a escola de Chandebrito está adscrita ao CEP A Cruz – Camos.

No verán do ano 2009, ao contar con só 4 matrículas, pecha as súas portas, polo que o concello de Nigrán pide á Xunta, en outubro deste ano, a súa desafectación do uso docente para dedicalo a usos ou servizos públicos municipais. O Cconcello acorda o 30/03/2011 a cesión á Asoc. “Chandebrito 1807” e o 01/03/2012 asina un convenio con esta e coa Asociación de Mulleres Rurais da parroquia para que o poidan usar, compartindo a planta baixa e reservando o 1º andar a biblioteca e acceso a internet.